



CURSO TRANSICIÓN Á NORMA ISO 9001:2015

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2017

QUEN PROMOVE E ORGANIZA?

Algalia, servizos para o terceiro sector cuxa misión é a de contribuír a mellorar a calidade da xestión e dirección no sector da economía social, xerando eficiencia e confianza a través de servizos especializados e integrais.

A consultoría de Algalia, é unha consultoría experta en estratexia, e podemos acompañarvos desde o deseño proxectos de cambio ata a implantación dos mesmos. A nosa forma de abordar a consultoría é:

- Facilitando a transformación e a mellora da organización, desde a realidade, achegando novas miradas, enfoques e valores.
- Acompañando, para ser unha organización efectiva capaz de conseguir resultados, de forma eficiente e perfectamente aliñada coa estratexia.
- Promovendo procesos participativos nos que unimos soños con escoita ás persoas, converténdoos en protagonistas do voso futuro.
- Achegando visión sistémica e metodoloxías, algunhas innovadoras e outras que demostraron plenamente a súa eficacia.

QUE PROPOÑEMOS?

O 23 de setembro do 2015 publicouse a norma UNE-EN-ISO 2015, abríndose un período de transición para a incorporación dos novos requirimentos desta norma, que finaliza o próximo setembro do 2018, e onde deixará de ter vixencia as certificacións baixo a versión do 2008.

A nova **ISO 9001: 2015 trae cambios moi importantes**, aínda que o máis destacado é a incorporación da xestión do risco ou o enfoque baseado en riscos nos Sistemas de Xestión da Calidade. Aínda que é unha técnica normalmente aplicada nas organizacións ata agora non estaba aliñada co SGC.

Na xornada que vos propoñemos, pretendemos analiza os principais cambios que introduciu a ISO 9001:2015 axudando aos participantes para comprender o novo enfoque e dotándolles das ferramentas e coñecementos necesarios para levar a cabo con éxito a transición á nova norma adaptando os Sistemas de Xestión da Calidade ás novas directrices.

É moi importante non deixar todo o traballo para o final do citado período, pois podes poñer en risco o certificado de calidade da túa organización..

PARA QUEN?

Responsables de Calidade, Direccións, responsable e/ou coordinadores de servizos que queiran adquirir un coñecemento profundo no desenvolvemento dun sistema de xestión da Calidade nas Organizacións.

CON QUE METODOLOXÍA?

A metodoloxía será teórico-práctica, abordando a través de casos, as claves para realizar a transición á nova norma.

Ademais facilitarase a ferramenta de **Gap de Análise** para que cada participante poida planificar a adaptación do seu sistema..

CON QUE CONTIDOS?

1. Evolución da Norma ISO 9001
2. Estrutura de alto nivel para as normas de Xestión
3. A Norma ISO 9001:2015. Principais cambios e novos requisitos:
 - i) Contexto da Organización
 - ii) Liderado
 - iii) Enfoque sobre a xestión do risco
 - iv) Énfase na xestión por procesos
4. Comparación entre ISO 9001:2008 e ISO 9001:2015. Matriz de correlación
5. Impacto dos cambios para a organización

QUEN IMPARTE?

Miguel Angel Barbosa, Socio responsable de Consultoría de Algalia Servizos para o Terceiro Sector.

CANDO E DONDE?

A xornada realizarase o 9 de novembro de 2017, en horario de 10:00 a 14:00 e de 15:30 a 17:30 na Fundación Cidade da Cultura de Galicia, Biblioteca e Arquivo de Galicia – Aula II. Monte Gaiás, s/n 15707 Santiago de Compostela.

COMO APUNTARSE?

INSCRICIÓN

A través da páxina web de algalia www.algalia.com.

A data límite para a inscrición será o 3 de novembro.

***Se desexa bonificar o curso e a súa empresa dispón de RLT, a data límite de inscrición será o 30 de outubro.**

PRAZAS

20 participantes.

PREZO

O prezo pola asistencia á xornada, ascende a 110 €. O importe inclúe o xantar no propio lugar de impartición do curso

DESCONTOS E CONDICIÓNS

- Os clientes de Algalia terán un desconto do 10%.
- Aplicarase un 20% de desconto ás segundas e sucesivas inscricións de participantes dunha mesma entidade.
- O prezo inclúe a documentación e o xantar.
- A inscrición poderá cancelarse 72 horas antes da celebración do curso. En caso contrario abonarase o 50% do importe.
- Os descontos non son acumulativos. Seleccionarase o desconto máis beneficioso.
- A xornada é bonificable pola FTFE. Podes informarche das bonificacións que a túa entidade poderá aplicarse nas cotizacións á Seguridade Social pola realización dos nosos cursos no 986-379587 ou algalia@algalia.com